



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA  
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 657

Semana do 14 ao 20 de decembro de 2015

O NOVO GOBERNO QUE SAIA DAS URNAS O 20 DE DECEMBRO TERÁ QUE ACOMETER UNHA VERDADEIRA RECONSTRUCCIÓN DO PAÍS SOBRE VALORES DE PROGRESO, SOLIDARIEDADE, IGUALDADE E DEMOCRACIA

## O COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA CONSTATA QUE A ECONOMÍA SAE DA RECESIÓN PERO A SOCIEDADE SEGUE EN CRISE

*O resultado da acción de goberno foi unha verdadeira regresión económica e social*

**Redacción.-** O 5º Comité Nacional de UGT-Galicia, máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos, reuniuse este luns en Santiago. Lembrar que forman parte deste Comité a Comisión Executiva de UGT-Galicia e representantes das federacións de nacionalidade e das unións comarcais do Sindicato.

Nesta xuntanza, que aglutina a preto de cen membros do Sindicato, analizouse a situación actual, tanto a nivel de Galicia como do resto do Estado, fíxose un balance da lexislatura que remata este domingo, aproximouse unha síntese da situación da negociación colectiva e tamén se puxeron enriba da mesa os cambios propostos para a organización no último Comité confederal onde se debateu sobre o futuro da Organización e o novo modelo de Sindicato que se consolidará no vindeiro Congreso.

En relación á situación actual, chegouse á conclusión de que, se ben é certo que a recuperación macroeconómica chega a España, aínda que tarde, a sociedade española segue en crise, inmersa nun altísimo volume de desemprego e afectada por peores condicións laborais e de calidade de vida.

Concretamente, no referente a Galicia, conséntase un repunte do PIB, do 2,1 por cento pero este susténtase no incremento do consumo das familias, xa que o consumo de todas as administracións públicas non se constata, ao aumentar tan só un 0,5 por cento porque seguen na liña dos últimos anos de recortes.

O Comité Nacional denunciou que dende o comezo da crise perdéronse en Galicia preto de 200.000 empregos e as cifras de ocupación seguen evidenciando un claro retroceso.

A quinta parte da poboación activa está en situación de desemprego, unha media, no que vai de ano, de 250.000 persoas en situación de desemprego. E aínda máis



preocupante é que medra máis o desemprego de longa duración. Xa hai 128.000 persoas desempregadas que levan máis dun ano nesta situación e, deles, 90.000 levan máis de dous anos. A isto hai que engadirlle 25.000 parados que buscan o seu primeiro emprego e que por non atopalo só lles queda unha saída, a emigración.

En relación con isto, a precariedade dos fogares galegos é manifesta. Os fogares nos que todos os seus membros activos están en situación de desemprego son 73.100. No 2009, xa con crise, esta cifra era de 44.800.

E, contrariamente ao que tería que suceder nun estado de benestar que protexa e dea cobertura á poboación desempregada, a taxa de cobertura experimenta unha caída continua. No 2001 os valores de cobertura eran superiores ao 70 por cento e a día de hoxe non superan o 52,46 por cento e, ademais, esta cobertura é de carácter maioritariamente asistencial.

A isto hai que engadirlle que 52 de cada cen parados galegos non cobran ningún tipo de prestación e hai 29.700 fogares nos que non hai perceptores de ingresos. Isto leva a que o risco de exclusión social cada día sexa maior.

O balance da crise tamén é claro no re-

ferente á distribución das rendas, favorecendo ao empresariado e prexudicando aos traballadores asalariados. Mentres a remuneración do persoal asalariado perde peso en Galicia, en relación ao total da renda xerada na comunidade, ao pasar do 46,5 por cento no 2008 ao 44,2 por cento agora, pola perda de emprego e a contención salarial, o empresariado, nunha etapa de crise, curiosamente, gañou máis. Pasou de representar o 45,2 ao 45,5 por cento.

Con este escenario está claro que o deterioro da calidade de vida da cidadanía é cada vez maior. Así, a taxa de risco ou exclusión social é en Galicia do 23,8 por cento.

Outro dato significativo é que 300.000 asalariados galegos, o 30 por cento do total, teñen un salario inferior ou igual ao SMI.

Neste contexto, o Comité Nacional de UGT-Galicia non entende o deseño dos Orzamentos xerais de Galicia para o 2016 porque, baixo o criterio do Sindicato, deséñanse baixo unha perspectiva electoralista e un cadro macroeconómico pouco creíble.

O Sindicato considera que o orzamento é o instrumento fundamental co que conta o Goberno para levar a cabo as súas políticas. Ten unha alta capacidade de inter-



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

vención e influencia na economía galega, polo que se debe demandar responsabilidade no seu deseño e xestión.

O orzamento para o 2016 prevé que o emprego medre en Galicia un 1,7 por cento, en cifras absolutas supón 17.200 empregos, tan só se recuperarán o 8,6 por cento dos perdidos. Pero é que co orzamentos para o vindeiro ano en promoción de emprego agrávase a situación, xa que, con respecto ao 2009, contráense un 50 por cento os recursos, cun 54 por cento máis de desempregados.

Para UGT, as liñas de intervención do Goberno galego con estes fondos seguen na senda da supeditación ás esixencias financeiras. O Executivo argumenta que os orzamentos de 2016 son os da recuperación, consolidación fiscal e gasto social. Pero as cifras non respaldan esta afirmación. A débeda acumulada achégase aos 10.210 millóns de euros, cando chegou o PP ao Goberno da Xunta esta débeda era de 4.000 millóns de euros. Isto condiciona calquera deseño orzamentario, xa que hai que afrontar os custos da débeda. Así, mentres no 2009 afrontar estes custos supoñía o 3,7 por cento do total orzamentario, no 2016 vai ser o 15,7 por cento, o que implica menores recursos a disposición da sociedade.

Novamente, fíxase un teito de gasto non financeiro de 8.876 millóns de euros. Para UGT, este debería vir acompañado dun gasto mínimo que preserve o estado de benestar.

Tamén se constata que os empregados públicos son castigados neste Orzamento, cunha suba do 1 por cento que non compensa o recorte do 20 por cento que sufriron nos seus salarios desde o 2011. Neste contexto, urxe establecer un marco de negociación a nivel galego, entre os sindicatos e Xunta, para negociar a recuperación das pagas extras.

O Comité Nacional considera que a Xunta debería dar un xiro cara uns orzamentos baseados nunha fiscalidade progresiva, cara un sostido crecemento económico e do emprego apoiando aos sectores produtivos, cara un estado de benestar na actualidade ameazado, cara unha protección social

que garanta unha sociedade cohesionada, cara a garantía do emprego público de calidade e cara un modelo económico máis tecnolóxico e con máis valor engadido.

O Sindicato continuará vixiante para que, coa escusa do cumprimento duns obxectivos de déficit, non se desmantelen ou deterioren aínda máis os servizos públicos e as prestacións públicas.

O Comité Nacional tamén fixo un balance da lexislatura que remata este domingo. Unha lexislatura marcada, no eido laboral, pola desarticulación das relacións laborais trala reforma laboral, provocando un claro desequilibrio na negociación colectiva en favor das decisións empresariais e aumentando a precariedade no emprego. Por iso, UGT defende a súa derogación.

Ademais, esta foi a lexislatura do ataque frontal a todas as políticas que sustentan o estado de benestar, pensións, sanidade, educación, prestacións por desemprego, servizos sociais ou atención á dependencia co único obxectivo de cambiar de maneira determinante o modelo social deste país.

Tamén se produciu un recorte de dereitos e liberdades que teñen a súa principal expresión na Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, que criminaliza a lexitima protesta e establece situacións incompatibles co desenvolvemento dun pleno estado de dereito avanzado. Neste senso, o Comité condenou os ataques ao sindicalismo e á liberdade que se traduciu no encausamento de 300 traballadores e sindicalistas en 40 procedementos penais e administrativos. Por iso, UGT esixe a derogación do artigo 315.3 do Código Penal.

En definitiva, o resultado desta acción de goberno foi unha verdadeira regresión económica e social e, para recuperar a senda de progreso como a que require este país, será necesario aplicar un cambio de políticas económicas, laborais e sociais que leven á reconstrución do país sobre valores de progreso, solidariedade, igualdade e democracia.

En relación á negociación colectiva, o Comité destacou que a firma do III Acordo

para o Emprego e a Negociación Colectiva para o período 2015-2017 significou un impulso considerable á firma de convenios.

Así, en Galicia, a 1 de outubro, segundo o Consello Galego de Relacións Laborais, hai 911 convenios (882 no ano anterior) que afectan a 412.318 traballadores (427.348 hai un ano). No que vai de ano asináronse revisáronse en Galicia 83 convenios que afectan a 25.409 traballadores. E, por primeira vez, asináronse 16 convenios, afectando a 528 traballadores.

A xornada anual pactada foi de 1.759,05 horas e o incremento salarial do 1,73 por cento. Teñen cláusulas de revisión o 17,14 por cento dos convenios asinados ata o momento e o 23,08 dos revisados.

Con respecto aos convenios de ámbito estatal con aplicación en Galicia, asinados a 30 de setembro, foron 57 que afectan a 45.592 traballadores, cun incremento do 0,71 por cento e unha xornada de 1.769,11 horas.

O Comité Nacional do Sindicato aprobou, previa presentación de UU.AA., unha resolución de urxencia en defensa do sector lácteo, estratéxico dentro da economía galega e motor económico de moitas comarcas, pero que está a vivir unha situación realmente difícil e, en moitos casos, límite. Ante esta situación insostible, solicítase un plan específico que conteña, entre outros aspectos, determinación dun prezo sostible, maior vixilancia e sancións para os contratos lixo, axudas inmediatas ás explotacións e a creación dunha mesa galega de control. Tamén consideraron que urxe establecer un plan estratéxico de futuro para o sector lácteo galego.

Finalmente, o Comité Nacional de UGT-Galicia analizou os cambios propostos para a organización no V Comité confederal onde se debateu e aprobou a "Proposta de reagrupamento dos distintos sectores produtivos", documento no que se establecen os fundamentos dunha nova estrutura organizativa da UGT que se basará en tres novas federacións, unha de produción de bens e sector primario e outras dúas que agruparán todos os servizos e as administracións públicas.

**É DE LEI**

**2** prestación de ingresos mínimos para **MILLONS DE PERSOAS**

**INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR**

Leva a túa sinatura ao Congreso

**eu asino!**

rescatar ás persoas combater a desigualdade

# DECLARACIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA CONFEDERAL DE UGT ANTE AS ELECCIÓN XERAIS DO 20-D

**Redacción.-** Ante a celebración, o vindeiro domingo 20 de decembro, da décimo segunda convocatoria de eleccións para a conformación das Cortes Xerais, a Comisión Executiva Confederal da Unión Xeral de Traballadores fai un chamamento aos cidadáns e cidadás á participación, a asumir libremente o seu dereito para elixir a quen nos representará nas institucións e a corresponsabilizarse na elección das liñas estratégicas que guiarán o noso Goberno nos próximos catro anos.

UGT defende un cambio de estratexia política para España que promova, en base a valores progresistas, un aumento do benestar colectivo e das liberdades e dereitos do conxunto da poboación.

As próximas eleccións resultan cruciais para determinar que proxectos políticos terán a responsabilidade de tentar sacar a España da crise que aínda continúa e de reparar as desfeitas causadas polas erróneas políticas de austeridade extrema promovidas pola troika desde 2010 e pola actuación do Goberno do Partido Popular nos últimos catro anos, que produciu unha profunda regresión social e económica no noso país.

Segundo apuntan todas as sondaxes, os resultados dos comicios configurarán un Parlamento no que ningunha forza política obterá maioría absoluta, polo que serán necesarios pactos puntuais ou estables para, en primeiro lugar, formar goberno, e despois, executar as tarefas de goberno de maneira eficaz.

Neste previsible marco, UGT reclama a todos os partidos que concorren aos comicios altura de miras, poñendo en primeiro termo os intereses xerais do conxunto do país fronte a intereses partidistas; responsabilidade no cumprimento dos seus compromisos electorais, que deben ser asumidos como un contrato cos electores; e capacidade de diálogo e consenso, para atopar puntos de encontro co resto de partidos e, sinaladamente, nalgunhas materias esenciais que inciden de modo determinante sobre o modelo de país que queremos: educación, sanidade, pensións e relacións internacionais.

UGT, en consecuencia, considera que os retos que España ten por diante esixen un cambio de estratexia e de políticas que garantan un decidido xiro cara a posicións e formulacións progresistas que se sustenten no diálogo social.

É crucial que destes comicios xurda un Goberno e un Parlamento que acometan as reformas que precisa o noso país para en-

trar nunha senda de crecemento económico máis sólido, xusto e sustentable; construír un modelo de relacións laborais máis eficiente e que reforce os dereitos dos traballadores, un estado de benestar máis potente e inclusivo e un sistema democrático máis transparente e que garanta todas as liberdades e dereitos individuais e colectivos.

Iso esixirá derrogar moitas das normas e reformas introducidas nos últimos catro anos (como a reforma laboral, a das pensións ou a lei mordaza), repoñer os dereitos arrebatados aos traballadores e traballadoras do noso país e ao conxunto da cidadanía e garantir o exercicio doutros fundamentais, como os de manifestación e folga.

En suma, o próximo goberno debe aplicar as políticas necesarias para construír unha sociedade máis cohesionada, que



goce de maiores niveis de benestar colectivo e de liberdades e dereitos plenos.

Por iso, UGT aposta por un cambio político que se sustente en valores progresistas e que se dirixa de maneira inequívoca ao logro dos obxectivos antes mencionados. O Goberno que xurda destas eleccións ten por diante o reto de abordar, a través do diálogo e a procura de consensos básicos, unha verdadeira reconstrución do noso país sobre os valores de solidariedade, igualdade, e democracia.

## A precariedade laboral non pode impedir o dereito ao voto

A convocatoria de eleccións xerais en plena campaña do Nadal significa que a xornada electoral, a pesar de ser día festivo, será laboral para os traballadores de moitas actividades económicas ligadas ao lecer e as celebracións propias destas datas.

Por esta razón, UGT lembra que a normativa electoral española prevé unha serie de permisos retribuídos para facilitar aos cidadáns o exercicio do seu dereito ao voto, e exhorta ao Goberno, os partidos políticos e as organizacións empresariais a reclamar o cumprimento efectivo desta normativa. É unha responsabilidade de todos que a enorme variedade de formas de precariedade laboral que se instalou no noso mercado de traballo, especialmente cando este é estacional, non interfira no exercicio dun dereito cidadán fundamental como é o dereito ao voto.

O artigo 37 do Estatuto dos Traballadores establece, no seu punto 3.d) que o traballador poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración "polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo", e o Real Decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais esta-

blece no seu artigo 13 un período de ata catro horas libres retribuídas da xornada de traballo para exercer o dereito a voto.

As comunidades autónomas con competencias en materia laboral foron publicando nas últimas datas unha regulación máis precisa deses permisos de ata catro horas, que se establece tendo en conta que os colexios electorais estarán abertos entre as 9:00 e as 20:00 horas do domingo 20 de decembro, e cuxas liñas xerais son: \*Se a xornada laboral coincide en menos de dúas horas co horario de colexios electorais: non se terá dereito a permiso.

\*Se a xornada laboral coincide entre 2 e 4 horas co horario de colexios: o permiso será de 2 horas.

\*Se a xornada laboral coincide entre 4 e 6 horas co horario de colexios: o permiso será de 3 horas.

\*Se a xornada laboral coincide en máis de 6 horas co dos colexios: o permiso será de ata 4 horas. O RD 605/1999 establece tamén que cando o traballo realicéase en xornada reducida (a tempo parcial) "efectuarase a correspondente redución proporcional do permiso".



## ESPAÑA NECESITA UNHA POLÍTICA SALARIAL E DE RENDAS QUE FREE A PRECARIIDADE E A DESIGUALDADE

**Redacción.-** Os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) mostran que o IPC profundou a súa senda descendente ao caer dúas décimas respecto do mes anterior e situar a variación nos últimos doce meses no -0,3.

UGT considera que se trata dun indicador claro da debilidade da recuperación, resultado da persistente desvalorización de rendas das familias e advirte de que o enquistamento do paro de longa duración, a deterioración da calidade do emprego e a desvalorización salarial provocaron un aumento notable das desigualdades e un incremento da poboación en risco de pobreza ou exclusión social "que alcanza case ao 30% da poboación".

O Sindicato sinala que España necesita políticas destinadas a estimular o consumo e o investimento a través da mellora do poder adquisitivo do Salario Mínimo Interprofesional (SMI),



cumprindo a Carta Social Europea, ata alcanzar os 800 euros en 2017, e das pensións, da recuperación do poder adquisitivo perdido polos empregados públicos e, no ámbito do sector privado, unha correcta aplicación do III Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva que marca a obriga de

mellorar os salarios.

En definitiva, urxe apostar polo crecemento sustentable e integrador e reconstruír o modelo social europeo, apostando por unha política salarial e de rendas que free a precariedade e a desigualdade.

## UGT PAGA O IBI, SEÑOR ALBERT RIVERA

**Redacción.-** O candidato á presidencia do Goberno de Cidadáns, Albert Rivera, preguntado na Cadea SER se pensaba renovar o Acordo coa Santa Sede, respondeu que "gustaríanos que o IBI o pagase todo o mundo, partidos, sindicatos, patronais, e tamén as confesións relixiosas, a Igrexa".

Dado que a súa reposta pode levar a pensar que os sindicatos non pagan o Imposto de Bens Inmóbles (IBI), vémonos obrigados a pedir ao señor Rivera que aclare as súas informacións porque os sindicatos están obrigados a pagar o IBI, e a Unión Xeral de Traballadores faíno.

Existen dous tipos de obrigacións tributarias que recaen sobre os bens inmóbles, o IBI e as taxas municipais. O IBI grava a propiedade dos bens e o obrigado ao pago é o propietario do inmóble. UGT, como propietaria, paga o IBI a todos os concellos nos que ten inmóbles en propiedade.

Cando os inmóbles non son propiedade deste sindicato, como é o caso dos adscritos ao Patrimonio Sindical Acumulado (PSA), o obrigado tributario é o propio Estado a través do Ministerio de Emprego que é o titular dos bens; ese patrimonio está en cesión aos interlocutores sociais, pero non

son os seus propietarios.

Estas cesións están amparadas pola Lei 4/1986, un regulamento posterior do mesmo ano, nas interpretacións do propio Ministerio, e na Lei de Facendas locais que recolle quen son os obrigados tributarios.

O segundo tipo de obrigación tributaria son as taxas municipais, principalmente as de residuos e pasos de carruaxes, que gravan a utilización pública do servizo, e o paga quen o utiliza. UGT paga as taxas dos edificios que utiliza, sexan ou non da súa propiedade.

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

# OS RECORTES DO GOBERNO PARALIZARON E DESMANTELARON A LEI DE DEPENDENCIA

**Redacción.-** UGT nun informe no que analiza a evolución da Lei de Dependencia denuncia a paralización desta norma e os efectos demoledores dos recortes e reformas aprobadas polo Goberno do Partido Popular, entre elas o Real Decreto Lei 20/2012. Así, en 2015 o sistema atende a 248.685 persoas dependentes menos.

O Sindicato denuncia que hoxe non se pode atender de forma integral ás persoas en situación de dependencia, pois se estableceu unha incompatibilidade completa das prestacións ou se reduciron o número de horas de atención no domicilio (aínda cando sempre foron insuficientes). Así mesmo, diminuíu a contía das prestacións para percibir e incrementouse o copago, etc.

UGT considera que a evolución social e demográfica obriga a adoptar acordos políticos e sociais capaces de afrontar un dos grandes retos que ten a nosa sociedade, como é coidar das persoas dependentes.

No noveno aniversario da aprobación da lei de dependencia, desde UGT realizamos un informe que analiza a evolución deste sistema de protección desde 2008 e pon de manifesto as sombras da lei e os efectos devastadores do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (utilizando os datos comparativos desde esa data que é a que supuxo o punto de inflexión para a lei de dependencia, nun momento no que non se chegou a implantar na súa totalidade) que provocou o desmantelamento e a paralización da lei.

Asistimos a unha fragmentación dunha lei, que foi froito do acordo do diálogo social entre o Goberno e os interlocutores sociais, e avalada por unha aprobación maioritaria dos grupos parlamentarios, entre eles polo propio PP e co apoio e consenso de todos os grupos sociais e políticos. Os recortes realizados supuxeron un quebrantamento da lei e unha ruptura do sistema modificando os principios básicos da mesma.

Os recortes orzamentarios supuxeron, por unha banda, unha rebaixa do nivel mínimo que achega o Estado que roldou en 2013 e 2014 a cifra de 266 millóns de euros, e doutra banda, a supresión, desde 2012, do nivel acordado de financiamento, pasando de 283 millóns de euros a cero. Todo iso implica un aforro de 1.698 millóns de euros, para os anos 2012, 2013 e 2014. A grandes liñas, podemos estimar que os recortes ascenden practicamente a 2.000 mi-



llóns de euros.

As solicitudes presentadas desde 2008 a 2013 foron aumentando ata situarse nun máximo de 1.644.284 ao 31 de decembro do 2013. A partir desta data ata marzo 2015 as solicitudes diminúen en 67.032, un 4,1% menos, situándose en 1.602.357, motivado polo efecto desánimo da poboación e a que os parados no núcleo familiar fixéronse cargo dos seus familiares dependentes.

As resolucións ao 31 de outubro de 2015 alcanzaron o número máis baixo desde hai catro anos, situándose en 1.500.023, 3.735 menos respecto de 2011 que chegaron a ser 1.503.758 e 36.157 menos que no ano 2.012 cando foron 1.536.180 as valoracións.

Apréciase un aumento progresivo de denegacións de solicitudes a persoas ás que non se lles recoñece o dereito (sen grao), a finais de outubro deste ano a cifra xa supoñía o 21,44%, é dicir, a 321.540, dos ditames emitidos. Máis de 97.700 persoas sen grao desde 2011, consecuencia directa do endurecemento do baremo de valoración e a modificación da clasificación dos niveis de dependencia.

En 2015, os beneficiarios con prestacións tan só supoñen 27.368 máis que no ano 2011, alcanzando unha cobertura do sistema do 66%.

Destaca o peso da prestación económica para o coidado familiar, unha prestación de natureza excepcional, que nalgún momento, como en 2009 e 2010, supuxo o 50% do total das prestacións.

Antes de 2012 as prestacións económicas eran máis altas, de forma que, un

grao III nivel II recibía unha prestación económica vinculada ao servizo, de case 834 euros/mes, recibindo na actualidade 715,07 euros/mes. O mesmo ocorre coa prestación económica para coidados na contorna familiar que, no mesmo ano, un grao III nivel 2 recibía 521 euros/mes e actualmente percibe 387,64 euros/mes. Igualmente, a prestación económica do asistente persoal tamén baixou, de tal maneira que un grao III nivel 2 chegou a 834 euros/mes e agora sitúase en 715,07 euros/mes.

O aumento do copago, que se chegou a tachar como de confiscatorio, está a producir un efecto desincentivador, xa que o beneficiario pode chegar a pagar ata o 90% do custo, tanto dos servizos como das prestacións económicas.

A redución da lista de espera tan enzalzada polo Goberno unicamente responde a unha depuración do sistema de información, eliminando duplicidades, ás baixas producidas no sistema polos falecementos e ao continuo atraso no acceso ao sistema dos dependentes moderados.

De novo UGT cuestiona a forma na que se pode atender de forma integral ás persoas en situación de dependencia, paralizándose a aplicación da lei, establecendo unha incompatibilidade completa das prestacións ou reducindo o número de horas de atención no domicilio, cando estas non foron nunca suficientes para atender aos beneficiarios, reducindo a contía das prestacións para percibir, incrementando o copago. A falta de respostas públicas, a evolución social e demográfica deste país enfrontánnos á necesidade de acordos políticos e sociais que nos permitan afrontar un dos grandes retos aos que a nosa sociedade ten que dar resposta.



## O TRIBUNAL DE LUXEMBURGO DÁ A RAZÓN AOS SINDICATOS NO CONFLITO DO TAX LEASE

**Redacción.-** O Tribunal Xeral da Unión Europea deu a razón aos sindicatos españois no conflito aberto en 2013 cando a Comisión Europea declarou ilegal o sistema español de bonificacións fiscais para os inversores na construción naval (o coñecido como tax lease), e esixiu a devolución destas axudas por parte das entidades investidoras recibidas entre os anos 2007 e 2011, ademais de prohibir seguir aplicando os créditos fiscais xerados no futuro.

O Tribunal de Luxemburgo anulou a decisión adoptada pola Comisión Europea, tal e como defendía MCA-UGT desde o inicio do conflito, ao estimar que a conclusión á que chegou a Comisión, ao considerar que o tax lease podía falsear a competencia e afectaban os intercambios comerciais entre estados membros, "non esta suficientemente motivada".

Desta forma, o Tribunal Xeral dá a razón case tres anos despois ás teses mantidas por MCA-UGT, que veu defendendo en todo momento a legalidade do sistema de axudas español para a construción naval e denunciou no seu día a tardanza do Goberno do Partido Popular en reaccionar á declaración de ilegalidade, primeiro consentindo esta declaración e, posteriormente, ao presentar o recurso que final-



mente recolle as propostas sindicais ante o tribunal europeo con varios meses de atraso.

A falta de acción do Goberno provocou a paralización do sector de construción naval no noso país e, en consecuencia, supuxo un grave prexuízo para os nosos estaleiros, afectados dunha grave crise de carga de traballo desde entón que orixinou a perda de postos de traballo.

A Federación espera que esta decisión xudicial non chegue demasiado tarde e supoña a recuperación dun sector industrial estratéxico para os intereses do noso país.

## Os traballadores de Alcoa mobilízanse de novo para esixir un cambio no marco enerxético

**Redacción.-** Centos de traballadores da factoría que Alcoa ten en Arteixo protagonizaron onte unha manifestación para demandar un cambio no marco enerxético que lles permita ser máis competitivos e lles garantice o futuro.

Saíron da sede da planta de aluminios, na estrada de Baños de Arteixo, e remataron o seu percorrido na Praza de Ourense, fronte á Delegación do Goberno.

Os traballadores lembran que a subasta da enerxía eléctrica, tal e como está configurada, pon en perigo a supervivencia da fábrica coruñesa e, ademais, fixeron fincapé en que a subasta deste ano aínda foi peor que a do ano anterior.

Urxen un marco enerxético estable que permita competir en igualdade de condicións con outras factorías adicadas á mesma produción.

Ademais do problema eléctrico, a chegada de metal externo e a falta de investimentos na fábrica tamén poñen en perigo o seu futuro.

## MARCHA CON VELAS DOS TRABALLADORES DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR



**Redacción.-** O Comité de empresa da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta convocou onte unha marcha con velas, que partiu ás 17.00 horas do Parlamento galego para rematar na Praza da Quintana, na que os traballadores demandaron a reposición, xa, do artigo 19 do convenio colectivo.

Así como, a derogación da Lei de Me-

didias 1/2012.

Lembrar que os traballadores da Consellería de Traballo e Benestar xa veñen protagonizando nos últimos meses numerosas mobilizacións en defensa dos seus dereitos e tamén en defensa dos propios servizos públicos que, evidentemente, vense mermados e deteriorados na medidas en que se acometen recortes.



## UGT gaña as eleccións no Grupo avícola Sada en Lugo

**Redacción.-** UGT ven de gañar as eleccións sindicais na factoría que o grupo avícola Sada ten emprazada en Castro de Rei, en Lugo, que conta con máis de 150 traballadores.

Así, UGT obtivo catro delegados, dous foron para a CIG, dous para CCOO e un para USO.

FITAG-UGT saúda os bos resultados conseguidos neste proceso electoral que recoñecen o bo traballo desenvolvido polo Sindicato nestes últimos catro anos e a confianza no proxecto de futuro.